

PREGUNTAS

- ¿Que pensa Vostede facer en relación co enésimo expediente sancionar que lle impoñen o noso Concello por non solucionar o problema de contaminación da Fonte da Burga con augas fecais por desbordamento do alcantarillado? Acaba o seu goberno de gastar un monte de cartos e o problema segue igual ou peor.
- ¿Que pensa Vostede facer ca falta de limpeza e mantemento das cunetas que provocan que cando chove a auga discurra por riba dos viais en lugar de polo arcén?
- ¿Que medidas vai a adoptar en relación ca recente resolución do Tribunal Supremo onde desestima o recurso que presentou en relación ca orde de levantamento da pasarela por debaixo da ponte do Ferrería sobre o río Umia que Vostede fixo sen pedir ningún permiso a Augas de Galicia?
- ¿Que pensa Vostede facer co lamentable estado do campo de fútbol das Corticeiras, onde as obras da futura cantina se atopan paralizadas a medio facer, o campo non dispón de iluminación suficiente dende tempo inmemorial, e os poucos focos dos que dispón están mal orientados, e a nova grada construída non fai moito tempo resulta imposible ocupala nos días de choiva posto que a xente mollase mais que o aire libre?
- ¿Quen é o responsable dun proxecto denominado recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na estrada EP8005 na “rúa do Parque” que tampouco ninguén coñecía ese nome, e que puidemos averiguar que se trata da rúa Travesía Doña Urraca onde a antiga Escola Taller e que Patrimonio informou desfavorablemente? ¿Pode Vostede entregarnos unha copia dese proxecto?

1

ROGOS

- Que se dote a Policía Local de bicicletas para poder facer o servizo cando o consideran oportuno, especialmente polo Camiño, e se dote tamén dun smartphone de última xeración que lles permita recibir whatsapp e localizacións por si alguén quere trasladarlles por este medio a súa ubicación ante unha urxencia.
- Que se den instrucións para que se realicen traballos de limpeza e mantemento da pista denominada do Instituto no lugar de a Mariñoleira, que se atopa chea de sedimentos e con serios problemas de firme.
- Que se instalen os espellos solicitados por nos e polos veciños nos cruces perigosos que aínda non dispoñen deles.
- Que se leve a cabo una actuación na finca dedicada a aparcadoiro en Porto do Rio que non ten alumeadado e se atopa chea de socavóns.
- Que leve a cabo una actuación urxente de reposición do pavimento do Camiño Portugués no tramo de Arcos da Condesa que discorre pola zona onde están as casas, xa que os buratos son de tal dimensión que os veciños non poden chegar cos coches as súas casas.
- Que se repoña o firme, a iluminación (especialmente debaixo da ponte da circunvalación) e a sinalización, que xa o pedimos moitísimas veces, do tramo da N640 que quedou anulado ca construción



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620

da circunvalación e que logo pasou a titularidade municipal.

- Que se anime, incluso se se considera oportuno mediante un concurso, os veciños a engalar as fachadas das casas instalando plantas ornamentais ou flores de cara a primavera, propoñemos que a campaña se denomine “Caldas de flor”.
- Que se den as instrucións oportunas para que unhas canastas de basket que están tiradas no Campo da Festa de Paradivas se reparen e instalen no campo da festa de Reirís.
- Que se revise o horario programado no alumeado público de Reirís, que se encende as 18:00 da tarde, e se corrixa as enorme deficiencias que existen no campo da festa de Reirís.
- Que cumpra o compromiso asumido no seu día cos veciños de Reirís de que se acondicionase o terreo cedido por un veciño o Concello para a instalación duns módulos de exercicio.

2



www.ppcaldas.es



<https://www.facebook.com/ppcaldasdereis/>



<https://twitter.com/PPCaldasdereis>



<https://www.instagram.com/popularescaldasdereis>



+34 621 224 620